

CIRCULAR Nº 1

INSCRICIÓN DE AFILIADOS E PRESENTACIÓN DE PRECANDIDATURAS A PRESIDENTE

Na reunión da Xunta Directiva de Galicia celebrada o 1 de xuño convocouse o XVII Congreso do PPdeG, que terá lugar os días 16 e 17 de xullo de 2021, en Pontevedra.

Os vixentes Estatutos Nacionais e o Regulamento Marco de Congresos introduciron modificacións na normativa de organización e funcionamento dos congresos do PP. O Regulamento do XVII Congreso do PPdeG que foi aprobado na citada reunión da Xunta Directiva de Galicia, e pode ser consultado na páxina web do PPdeG (www.ppdegalicia.com), recolle estas novas previsións sobre o procedemento congresual. Así e todo, no relativo ás inscrición de afiliados e presentación de precandidaturas a Presidencia do PPdeG, convén destacar as seguintes novidades:

1. Para a participación no proceso electoral (ser elector e elixible nas Asembleas) é imprescindible a **previa inscrición do afiliado**. A inscrición pode facerse de dúas maneiras:

- Preferiblemente, cumprimentando o **formulario web** que se atopa nesta dirección: <https://ppdegalicia.com/index.php/gl/xvii-congreso/inscripcion-de-elector>
- Ou, se non fose posible o anterior, cubrindo o **formulario de inscrición de elector** que se atopa na páxina web do PPdeG (www.ppdegalicia.com), e que debe ser enviado ao correo electrónico da sede provincial respectiva (ou presentado presencialmente).

Este prazo de inscrición remata ás 20 horas do 16 de xuño. As persoas que forman parte da Xunta Directiva de Galicia son compromisarios natos e non necesitan inscribirse neste proceso congresual.

2. Con estas inscricións, elaborárase unha listaxe, distribuída por agrupacións locais, que constituirá o censo para a elección dos candidatos a Presidente e compromisarios que se celebrará o día 7 de xullo.

Se algún dos inscritos non está ao **corrente no pago das cotas** deberá regularizar a súa situación a través do correspondente ingreso nunha entidade bancaria. Débese estar ao corrente do pago das cotas mínimas fixadas polo Comité Executivo Nacional (**20€**) desde o 2017 ata a actualidade. No caso de que a afiliación tivera lugar con posterioridade a dito Congreso será necesario estar ao corrente de pago desde a data de afiliación. **O prazo de regularización de cotas remata as 24 horas do día 16 de xuño, incluído.**

As **sedes provinciais están a disposición das persoas afiliadas** que desexen coñecer se están ao corrente do pago das súas cotas; así como, no seu caso, do procedemento a seguir.

3. As persoas afiliadas (cunha antigüidade no partido de, polo menos, doce meses) que aspiren a **presidir o PPdeG** poden presentar a súa **precandidatura** ante o C.O.C. ata as 20 horas do **16 de xuño**, adxuntando, cando menos, **90 sinaturas** de afiliados que tamén deberán estar ao corrente no pago das súas cotas. A folla de recollida de apoios está na páxina web do PPdeG (www.ppdegalicia.com).